

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN TEMPORAL "BOTAMOS UN BAILE?" NO CONCELLO DE GUITIRIZ

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma en data de 16 de decembro de 2016, elevados a público en data de 19 de decembro de 2016, e do artigo 31 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Doutra parte,

CONCELLO DE GUITIRIZ, con CIF número P2702200C, e domicilio social na Rúa do Concello, 4, 27300 Guitiriz, Lugo.

Está representada neste acto por Marisol Morandeira Morandeira Gil, alcaldesa do Concello de Guitiriz, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou "Convenio"), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)** foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste contexto, a Fundación organiza a exposición itinerante **“BOTAMOS UN BAILE?”** adaptada da exposición que co mesmo nome realizou a Biblioteca de Galicia entre o 8 de novembro de 2023 e o 2 de xuño de 2024.



A exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** realiza unha aproximación histórica ás orquestras de verbena en Galicia, nun arco cronolóxico que abarca desde 1919 a 2019. A exposición permite visualizar a evolución das verbenas galegas, que foron adquirindo un carácter propio nas primeiras décadas do século XX: desde a incorporación á música tradicional de gaitas do país e as bandas de música doutras músicas bailables importadas de América coma o charlestón, o fox-trot, o jazz ou o tango, pola emigración masiva desde Galicia a países como Cuba e A Arxentina, ata a segunda metade do século XX na que se inclúen no repertorio músicas como a cumbia, o merengue, o rock, o pop e ata o reggaetón. O contido que nela se recolle comprende os fondos custodiados na Biblioteca de Galicia coma programas de festas, fotografías, discos de vinilo, casetes, CDs e sobre todo, carteis. A través destas pezas pódese apreciar a evolución dun xeito de ocio arraigado en Galicia, cun tecido económico-productivo propio en constante desenvolvemento e innovación.

Esta proposta desenvólvese no marco do programa de itinerancias que promove a Fundación Cidade da Cultura dentro do IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027, co obxecto de facilitar o acceso á cultura e en concreto ás propostas desenvolvidas no Gaiás.

Así mesmo, o IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027 estableceu como principais obxectivos estratéxicos, entre outros;

- OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo;
 - o Acción 1.2.3. Promotores externos.
 - o Acción 1.3.2 Novos públicos
- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego
 - o Acción 1.2.2 Produtores de contidos expositivos de calidade para espazos cultural de Galicia.
 - o Acción 1.4.3 Descentralización (descentralizar a programación da Cidade da Cultura e afondar nas itinerancias das principais exposicións, remarcando o papel da CdC como comisaria destas).
 - o Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado (promover a co-creación de proxectos compartidos, como unha aproximación



creativa ás empresas e marcas para o deseño de proxectos personalizados que fagan coincidir os valores da Cidade da Cultura cos das empresas).

En virtude dos seus obxectivos estratéxicos a Fundación é promotora da grandes exposicións sobre a cultura e o patrimonio galego, tentando difundir o noso legado alén das fronteiras da nosa comunidade, o que motiva a necesidade de itinerar a exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** a Guitiriz.

SEGUNDO.- Que ao amparo deste documento, o **CONCELLO DE GUITIRIZ** ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión de todas aquelas actividades culturais que poidan ser consideradas de interese para a súa veciñanza, tratando de utilizar a cultura como vehículo para mellorar a súa calidade de vida a través do fomento do espírito crítico, do coñecemento e da posta en valor do ocio.

En virtude do antes comentado, consideramos que a acollida temporal da exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** cumpre con esta lista de condicións

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Fundación e o Concello de Guitiriz, para que a exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** itinere á Praza Campo da Feira de Guitiriz para a súa exhibición pública do 3 ao 25 de marzo de 2026.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, para a itinerancia da exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. Entregar ao Concello de Guitiriz, o mobiliario recollido no Anexo I e cuxa itinerancia fose previamente autorizada polas entidades colaboradoras, debidamente embalado para o seu traslado á Praza Campo da Feira de Guitiriz.
2. Ceder o uso temporalmente e unicamente ata a clausura da exposición na Praza Campo da Feira de Guitiriz, do mobiliario producido por Fundación e da gráfica empregada na exposición na Biblioteca de Galicia adaptada por Fundación para este proxecto recollida no Anexo II. En calquera caso, a cesión se refire unicamente ao uso destes elementos e se restrinxe dita utilización, á exhibición



da exposición "**BOTAMOS UN BAILE?**" na Praza Campo da Feira de Guitiriz para a súa exhibición pública do 3 ao 25 de marzo de 2026. A cesión de uso non implica a transmisión da propiedade de ditos elementos nin a posibilidade de cesión a terceiros de dito material.

3. Directamente, ou a través de terceiros, a contratación, execución e os gastos derivados do transporte de concentración e dispersión do mobiliario, embalaxe e produción de envoltorios (de ser o caso), reembalaxe no desmonte, rexistro e, desmonte das estruturas no espazo.
4. Produción e montaxe e desmontaxe da gráfica nas estruturas.
5. Asumir os honorarios pola contratación dos comisarios da exposición, Zósimo López Pena e Henrique Neira Pereira.
6. Coparticipar co Concello de Guitiriz no acto de inauguración da exposición e colaboración na divulgación da exposición.

En virtude do presente acordo, o **CONCELLO DE GUITIRIZ** obrígase a:

1. A posta ao dispor do espazo da Praza Campo da Feira, nas datas consignadas no pacto primeiro do presente convenio.
2. A xestión de horarios de montaxe e desmontaxe, permisos de estacionamento ou de carga e descarga do mobiliario.
3. Gastos derivados da adaptación da gráfica de dous paneis da exposición.
4. A ter subscrita unha póliza de seguro que cubra na súa totalidade, todos os danos e prexuízos que poidan sufrir os bens, mobiliario e/ou materiais que son cedidos ao Concello de Guitiriz pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, sinalados en anexo a este convenio, para a exhibición da exposición "**BOTAMOS UN BAILE?**" na Praza Campo da Feira de Guitiriz.
5. A posta ao dispor e asunción dos costes de persoal do Concello de Guitiriz para a realización de tarefas de vixilancia, supervisión e limpeza das pezas e do espazo expositivo.



6. Coorganizar o acto de inauguración en coordinación coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Concello de Guitiriz actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición, acordando previamente a súa convocatoria e contido.
7. Xestión dos dereitos de propiedade intelectual constituídos sobre as imaxes e materiais que o Concello de Guitiriz solicite para a comunicación da Exposición, e que non sexan da titularidade da Biblioteca de Galicia.
8. A contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade que levará a cabo durante a vixencia da exposición, na que se fará constar a colaboración da Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Biblioteca de Galicia. As pezas de comunicación e promoción desenvolvidas para a difusión da exposición enviaranse para validación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
9. Na imaxe da exposición, así como en todo o material de comunicación e difusión da mesma, constarán os logotipos da Xunta, Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Biblioteca de Galicia como entidades coorganizadoras pertencentes á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao mesmo nivel que o do Concello de Guitiriz. O uso dos logotipos será validado por escrito por cada unha das partes con anterioridade á produción de cada un dos materiais.
10. Produción da sinalética e gráfica da exposición para exteriores.
11. Custodiar debidamente as estruturas que compoñen a exposición, desde a súa chegada á Praza Campo da Feira de Guitiriz ata a súa retirada completa.
12. Comprométese así mesmo a comunicar urxentemente á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, verbalmente e por escrito, calquera alteración que se puidese observar no estado e condición das pezas do mobiliario ou calquera situación de risco para a seguridade das devanditas pezas. En caso de forza maior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia adoptará todas as medidas de urxencia necesarias.
13. Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a programación de actividades a desenvolver no espazo cedido e informar puntualmente os cambios no programa.
14. Ofrecer datos estimados do número de visitantes á exposición e entregar unha memoria final cos datos estatísticos de interese.



TERCEIRA.- FINANCIACION

Os costes que se deriven dos compromisos das partes, serán os que resulten dos procedementos de contratación que correspondan ao marxe da utilización dos medios propios de cada entidade.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes do Concello de Guitiriz.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.



A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaición de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;



Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto da exposición, isto é, dende o 3 ao 25 de marzo de 2026, así como as datas anteriores e posteriores a dito intervalo, precisas para transporte, montaxe e desmontaxe das estruturas no espazo.

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa



Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia Polo Concello de Guitiriz

Dna. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Dna. Marisol Morandeira Morandeira Gil
Alcaldesa












ANEXO I: ELEMENTOS QUE ITINERAN

- 1 Estructura con forma curva de 240 cm de largo x 80 cm de ancho x 85 cm de alto.
- 1 Estructura de 240 cm de largo x 80 cm de ancho x 45 cm de alto.
- 5 Paneis con perfil de aluminio de 190 cm de alto x 140 de ancho x 20 de fondo con metacrilato rotulado por ambas caras.



ANEXO II: GRÁFICA DOS PANEIS

Nº	Imaxe	Nº	Imaxe	Nº	Imaxe			
1		2		3		4		
5		6		7		8		
9		10	